

27/03/2015

## Traballando no horto

### OBSERVAMOS O QUE TEMOS SEMENTADO

Por fin chegaron as vacacións! Por iso hoxe baixamos ao horto dos amigos de Cardio con moitas gañas de traballar, dispostos a sementar xudías e chícharos.

Antes de comezar a sementar, e a plantar; revisamos as verduras e as hortalizas que xa temos no horto, para controlar as pragas. Logo de observalas, descubrimos que os caracois andaban a facer estragos.

### PROTEXEMOS OS HORTO DOS CARACOIS

Non podemos marchar uns días de descanso sen deixar o horto protexido, por iso aprendemos a combater as pragas de caracois e de babosas con diferentes trampas ecolóxicas.



Os caracois son unha praga que ten consecuencias desagradables no horto.



Gústalle os lugares frescos e escuros, sempre saen a comer despois das choivas, ou pola noite.

## **MANEIRAS DE EVITAR E COMBATIR AS PRAGAS DE BABOSAS E DE CARACOIS**

- 1- A mellor maneira é retirar cada caracol coa man, con coidado para que non leve as follas da planta pegadas.



- 2- Colocar nun lugar húmido e sombrío, ao que nos interesa levalos, galletas, azucre ou cáscaras de laranxa para poder atrapalos.



3- Colocar nunha botella cortada ao medio e enterrada a ras de chan, con leite ou con cervexa e sal.

4- Mollar un anaco de tela con cervexa ou con leite, e colocalo arredor das plantas pola noite, á mañá estarán todos pegados na tela e só teremos que retiralos.



5- Podemos atraelos con manxares que son irresistibles para eles como a laranxa (deixando una laranxa aberta no horto), patacas (colocando un prato con cáscaras de pataca en sitio estratéxicos) ou un anaco de melón ou de sandía.

6- Botar, nunha das zonas polas que pasen a miúdo, cáscaras de ovos rotos ou cinza. Non lles gusta andar sobre estas texturas polo que marcharán lonxe do noso horto.



7-Colocar tellas molladas no horto, os caracois esconderanse debaixo delas e poderemos atrápalos e retiralos .

